



PROCESO SELECTIVO DE OFICIAL/OFICIALA ALBANEL (1 PRAZA POR QUENDA LIBRE)
CORRESPONDENTE Á OEP 2017-2018-2019 DO CONCELLO DE VIGO (3ª FASE)

ANUNCIO SOBRE RESOLUCION IMPUGNACION PREGUNTAS DO TERCEIRO EXERCICIO
(PROBA DE GALEGO)

ACORDO DO ORGANO DE SELECCION ADOPTADO EN SESION DO 17/01/2024:

Primeiro.- Aprobar o informe da Asesora especialista na proba de galego, que contén a seguinte motivación en relación coas preguntas impugnadas nº 9 e 10 do terceiro exercicio (proba de galego):

"En relación coa cuestión número 9: a palabra "trolla" é a ferramenta de man que equivale en castelán á *llana* ou *trulla*, tal como recolle o *Diccionario visual da construción* editado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) na ficha 6-33, que fai referencia ás ferramentas do ramo de albanel. A persoa que alega fai referencia a que esta palabra non existe en galego, xa que non aparece no Diccionario da Real Academia Galega (RAG). En relación con isto, quero indicar que a Real Academia Galega é a institución á que se lle recoñece a autoridade para lexislar sobre unha materia en relación co idioma galego. Foi designada para tal encomenda na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e, ademais, conta co recoñecemento de toda a sociedade e o seu diccionario é usado como criterio de autoridade. Con todo, o Diccionario de RAG está en proceso de revisión, xa que o léxico que recolle é máis ben o común e escasean os termos doutras áreas, como é o caso que nos ocupa, polo que hai que recorrer en segunda instancia a outras autoridades de prestixio recoñecido e aos estudos de diversos especialistas para poder resolver os termos non tratados pola Academia. O termo "trolla" tamén aparece no Buscatermos, que é unha base de datos terminolóxica formada a partir da compilación, tratamento e reelaboración de dicionarios, glosarios e vocabularios que teñen o galego entre as súas linguas de traballo, así como das propostas terminolóxicas elaboradas polo Servizo de Normalización Lingüística da USC. Neste caso, si queda acreditado a existencia da palabra "trolla" polo que a resposta correcta da cuestión 9 só pode ser a c) estada. Por outra banda, o alegante pode non coñecer a palabra "trolla" mais, como albanel, si debería coñecer "estada" e por eliminación marcar esta como correcta. Propoño rexeitar esta alegación.

En relación coa cuestión número 10: Efectivamente, un martelo pneumático, como o seu nome indica, é pneumático e traballa pola presión do aire, pero para que o aire exerza esa presión require dalgunha fonte de alimentación que xere enerxía; en consecuencia, tanto o trade, como a formigoneira como o martelo pneumático son susceptibles de seren ferramentas eléctricas. A resposta correcta da cuestión número 10 é a d) Todas as opcións son ferramentas eléctricas. Propoño rexeitar esta alegación".

Segundo.- Desestimar a impugnación das preguntas nº 9 e 10 do terceiro exercicio (proba de galego) formulada en data 22/12/2023 en documento 230416257, con fundamento na motivación anteriormente transcrita.

Terceiro.- Ratificar a puntuación de 0,90 puntos outorgada ao aspirante reclamante que foi publicada no anuncio do día 19/12/2023.

Cuarto.- Publicar anuncio para facer público o acordo adoptado.

Quinto.- Contra o anterior acordo, caberá interpoñer recurso de alzada, sen prexuízo de que o interesado poida interpoñer calquera outro recurso que estime procedente.





Expediente 41054/220

Vigo, na data da sinatura electrónica

A secretaria titular do órgano de selección

M^a del Carmen Pazos Area

DILIGENCIA: Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.

Vigo, 20 febreiro 2024

El Secretario General

P.A.

El Jefe del Registro General.



ASDO. - X. VICENTE COMESAÑA TRIGO.

